

CMQ 2025

2ºCONCURSO
DE MÚSICA DE CÁMARA
MANUEL QUIROGA

INSCRICIÓN
10 DE DECEMBRO A 10 DE MARZO DE 2025
www.conservatoriomanuelquiroga.gal

MÚSICA DE COMPOSITORES/AS GALEGOS
Agrupacións de 2 a 5 músicos
Alumnado de 5º e 6º de Grao Profesional de toda Galiza

17 MARZO 2025
PUBLICACIÓN LISTA DE ADMITIDOS/AS
www.conservatoriomanuelquiroga.gal

11 ABRIL 2025 . 19:00h
CONCURSO PÚBLICO E ENTREGA DE PREMIOS
Auditorio do CMUS Manuel Quiroga

Co gallo da conmemoración da Semana da música e das letras galegas, o EDLG e o Departamento de Música de cámara do CMUS Manuel Quiroga queren contribuír á difusión desta efeméride coa convocatoria dun concurso de interpretación de obras de compositoras/es galegos para grupos de música de cámara coas seguintes

BASES

- Formarase un comité organizador con membros do EDLG do CMUS Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra, que será o órgano de goberno, administración e coordinación de todos os aspectos do concurso.
- Poderán concorrer a el todos os alumnos/as de 5º e/ou 6º curso de Grao Profesional dos conservatorios Profesionais de Galicia.
- Os participantes concorrerán interpretando unha peza de música de cámara (ou un arranxo) dun nivel de complexidade axeitado a estes dous últimos cursos do grao profesional, dun compositor ou compositora galegos e que non exceda dos 10 min de duración.

- Poderán concorrer formacións camerísticas de calquera especialidade dende dous ata quintetos.

INSCRICIÓN

- **Inscripción** no formulario web que se atopa na páxina web

www.conservatoriomanuelquiroga.gal

- **Datos e documentación a aportar**

- 1.Título completo da peza
- 2.Nome e apelidos do/a compositor/a
- 3.Adxuntar copia en PDF da peza.
- 4.Nome e apelidos de todos os integrantes do grupo
- 5.Datos de contacto
6. Correo electrónico de contacto.
7. Centro de estudos e xustificante de matrícula do curso 2024/2025, nos cursos especificados.

- O prazo de inscrición comezará o día **10 de Decembro** e rematará o **10 de Marzo de 2025** ambos inclusive.

- O xurado estudiará a cantidade e a calidad das obras achegadas e a súa viabilidade para a interpretación no concurso e publicará o listado provisional de admitidos/as ao concurso na páxina web do CMUS Manuel Quiroga o 17 de marzo de 2025, podéndose reclamar nos tres días hábiles seguintes a dita publicación no caso de non ter sido admitido/a.
- O concurso terá lugar en concerto público o día 11 de abril de 2025, ás 19:00h, no auditorio do CMUS Manuel Quiroga de Pontevedra.
- O xurado estará formado por dous membros do EDLG e tres membros do Departamento de Música de Cámara. A entrega de premios realizarase o mesmo día tras a deliberación do xurado.
- Tanto a selección dos finalistas, como a adxudicación dos premios por parte do xurado serán definitivas e inapelables, podendo declararse desertos.

PREMIOS

- 1º PREMIO: 300€ en material trocable na tenda de música “Musical Pontevedra” e diploma acreditativo.
- 2º PREMIO: 150€ en material trocable na tenda de música “Musical Pontevedra” e diploma acreditativo.
- 3º PREMIO: 100€ en material trocable na tenda de música “Musical Pontevedra” e diploma acreditativo.
- O resto de finalistas recibirán un diploma acreditativo da súa participación no concurso.
- A participación no concurso implica o coñecemento e aceptación, por parte de todos/as os/as participantes, das presentes bases, motivo polo cal non poderán impugnarse unha vez formalizada a inscripción.

ORGANIZA:

EDLG

Departamento de Conxunto
Música de Cámara
CMUS Manuel Quiroga de
Pontevedra

Colabora:
Musical Pontevedra



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga

unesco
Membro da Rede
de Escolas Asociadas

Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega